



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

No Salón de Actos da Casa do Concello, ás trece horas e trinta minutos do tres de decembro de dous mil quince, reuníronse en sesión extraordinaria (á que foron previamente convocados) baixo a presidencia do Sr. Alcalde Don José Ángel Santos Sánchez, os concelleiros Don Mauro Faustino Mourín González, Dona María Isabel García Pacín, Don Jesús Julio Cortiña López, Don Juan Carlos Casal Pena, Dona María Josefa Janeiro Vizcaíno, Dona María Ángeles Pilar López López, Don Álvaro Santos Ramos, Don José Antonio Barreiro Villar e Dona María de los Ángeles Martínez Martínez.

O Sr. Alcalde comeza desculpando a ausencia da concelleira Dona Fátima Iglesias Núñez, que non está presente na sesión por problemas persoais. Engade que no caso de que lle sexa posible, aínda se achegará á sesión e se incorporará á mesma.

Asiste como Secretario o da Corporación, Don Julio González Casanova.

Unha vez aberto o acto polo Sr. Alcalde, seguidamente pasouse a tratar os asuntos incluídos na orde do día da sesión.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- Dáse conta ao Pleno, do borrador da acta da sesión celebrada o día vinte e catro de novembro do actual, repartido coa convocatoria. Polo Sr. Alcalde pregúntase aos señores concelleiros se están de acordo coa redacción da acta, ou queren facer algunha alegación ao respecto.

Á vista de que polos señores concelleiros non se desexa formular ningunha cuestión ao respecto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes no momento da votación (dez votos a favor) **ACORDA** prestar aprobación ao borrador da acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e catro de novembro do actual.

2.- ORZAMENTO MUNICIPAL DO EJERCICIO ECONÓMICO DE 2016.- Dáse conta ao Pleno do Concello do expediente tramitado para a aprobación, no seu caso, do orzamento para o exercicio económico de 2016.

Considerando que na súa tramitación cumpríronse os requisitos esixidos pola lexislación vixente, en especial do preceptuado nos artigos 162 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo (polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais) e que conteñen os documentos que preceptúan os art. 164, 165 e 168 e concordantes do devandito Real Decreto Legislativo 2/2004 (na redacción



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

dada polo R.D. 17/2014 de 26 de decembro) e no Real Decreto 500/1990, de 20 de abril e que se elaboraron coa estrutura indicada na orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, así como do establecido na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Vistos informes emitidos pola Intervención e despois do correspondente debate sobre os créditos de gastos e ingresos, o Pleno do Concello en votación ordinaria e por oito votos a favor (do Sr. Alcalde e dos concelleiros do Grupo Popular) e tres votos en contra (dos concelleiros do Grupo Socialista) **ACORDA**:

- 1- Aprobar inicialmente o orzamento para o exercicio de 2016, co seguinte resume a nivel de capítulos, que a continuación se transcribe:

ESTADO DE GASTOS

CAP.	DESCRIPCIÓN	CONSIGNACIÓN	(%)
	A.- OPERACIÓNS CORRENTES		
1	GASTOS DE PERSOAL	716.145,68	26,551
2	GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	1.232.537,00	45,697
3	GASTOS FINANCEIROS	6.500,00	0,241
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	89.283,07	3,310
5	FONDO DE CONTINGENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	0,00	0,00
	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	2.044.465,75	75,799
	B.- OPERACIÓNS DE CAPITAL		
6	INVERSIÓNS REAIS	626.748,67	23,237
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	26.000,00	0,964
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00	0,00
	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	652.748,67	24,201
	TOTAL PRESUPUESTO DE GASTOS	2.697.214,42	100,000

ESTADO DE INGRESOS

CAP.	DESCRIPCIÓN	CONSIGNACIÓN	(%)
	A.- OPERACIÓNS CORRENTES		
1	IMPUESTOS DIRECTOS	869.601,56	31,912
2	IMPUESTOS INDIRECTOS	49.527,61	1,818
3	TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	325.273,52	11,937
4	TRASFERENCIAS CORRENTES	1.258.354,67	46,178
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	4.675,00	0,172
	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	2.507.432,36	92,016
	B.- OPERACIÓNS DE CAPITAL		
6	ENAXENACIÓN DE INVERSIÓNS REAIS	500,00	0,018
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	217.067,64	7,966
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00	0,00
	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	217.567,64	7,984
	TOTAL PRESUPUESTO DE GASTOS	2.725.000,00	100,00

- 2- Aprobar, do mesmo xeito, as bases de execución do orzamento, o cadro persoal e a relación de postos de traballo, reservados a persoal funcionario, laboral e eventual, tal e como figuran no expediente de tramitación do presuposto no que se inclúen os créditos necesarios para o abono das dotacións correspondentes.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Todo elo de acordo co disposto no art. 126.1 do Real Decreto Lex. 781/1986, de 18 de abril, en relación co art. 90 da Lei 7/1985 de 2 de abril, e que se transcribe a continuación:

1.- PERSOAL FUNCIONARIO.-

POSTO DE TRABAJO	SUBGRUPO	SITUACIÓN
Secretario – Interventor Habilitación Nacional	A1/A2	Propiedade
Técnico-Medio – Tesoureiro* Administración Especial	A2	Propiedade
Administrativo Administración Xeral	C1	Propiedade
Administrativo Administración Xeral	C1	Propiedade
Policía Local Administración Especial	C1	Propiedade (para extinguir)

* En relación coa Tesorería, estarase ao indicado previamente nesta Memoria.

2.- PERSOAL LABORAL FIXO/INDEFINIDO.-

POSTO DE TRABAJO OU CARGO	NÚMERO DE POSTOS	CARACTERÍSTICAS
Traballador Social	1	Xornada completa
Axente de Emprego e Desenvolvemento L.	1	Vacante
Peón	2	Xornada completa
Encargado de obras e servizos de mante.	1	Xornada completa
Encargada Biblioteca e Secretaria Xulgado	1	Xornada completa
Oficial de 2ª	1	Xornada completa
Operario de servizos múltiples	1	Xornada completa

3.- PERSOAL LABORAL CONTRATADO (NON FIXO).-

POSTO DE TRABAJO OU CARGO	NÚMERO DE POSTOS	CARACTERÍSTICAS
Auxiliar de axuda a domicilio	2	Xornada completa
Axente de emprego e desenvolvemento local	1	A extinguir en caso de cubrise como laboral fixo
Persoal convenio motobomba (incendios)	3	Xornada completa (3 meses)
Persoal brigada incendios (labores de vixilancia e extinción)	6	Xornada completa (3 meses)
Persoal do P.A.I.	2	Xornada completa

4.- PERSOAL EVENTUAL.- Ningún.

O Cadro de persoal laboral temporal poderá ampliarse coas subvencións que este Concello poida recibir da Comunidade Autónoma ou de outros organismos públicos para financiar ou cofinanciar a contratación de persoal de obras ou de servizos determinados; ou ben por necesidades perentorias do servizo.

- 3- Aprobar, de conformidade co establecido no art. 30 da Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, en coherencia co obxectivo de estabilidade presupostaria e a regra de gasto, de conformidade co establecido na lei, o límite máximo de gasto non financeiro do concello, que marcará o teito da asignación de recursos do presuposto é 2.255.532,64€.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

- 4- Que se expoña ao público polo prazo de quince hábiles, a efectos de exame e presentación de reclamacións, conforme ao establecido no art. 169.1 do Real Decreto Lex. 2/2004, de 5 de marzo.
- 5- Que no suposto de non presentarse reclamacións, considerárase definitivamente aprobado, cumpríndose con posterioridade o trámite da súa publicación, resumido por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello, xunto co cadro de persoal e a relación de postos de traballo, de acordo co establecido no art. 127 do Real Decreto Lex. 781/1986 de 18 de abril e no art. 169 do Real Decreto Lex. 2/2004. No caso de presentarse reclamacións, procederáse de acordo co previsto no devandito artigo, resolvéndose as mesmas polo Pleno do Concello.
- 6- Que de conformidade co previsto no art. 169.4 do Real Decreto Lex. 2/2004, remitirase copia do presuposto á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

Unha vez realizada a votación, polo Sr. Alcalde proclamouse o acordo adoptado.

Con anterioridade á votación procedeuse ao turno de intervencións. Comeza coa exposición do Sr. Alcalde, na que se di que o orzamento municipal para o vindeiro exercicio de 2016, ascende no estado de ingresos a 2.725.000,00€ e no de gastos á cantidade de 2.697.214,42€, ou sexa, preséntase cun superávit inicial de 27.785,58 euros. Esta cantidade de superávit, é igual ao importe que hai que devolver ao Estado, durante o vindeiro ano, en concepto de liquidación definitiva da participación en tributos do Estado, dos anos 2008, 2009 e 2013. Deste xeito, a devolución, non producirá desestabilidade orzamentaria.

Engade que son uns presupostos, dende o punto de vista do equipo de goberno moi ben elaborados, moi axustados ás posibilidades dun concello como o de Friol, cun carácter inversor elevado e á vez moi sensible no ámbito social. O importe é similar ao do pasado exercicio, sen embargo, mirando un pouco máis atrás obsérvase que en relación cos anos 2012 e 2013, experimenta un incremento de 300.000€, cantidade moi importante para un concello como Friol, que nos permite prestar máis servizos alí onde máis se necesitan. A súa presentación, realízase con prazo suficiente para que poida entrar en vigor o día 1 de xaneiro de 2016, ou sexa dentro do



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

estipulado pola lei. Ademais, cumpre tanto coa estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, como tamén coa regra de gasto.

A continuación refírese a que, en relación cos ingresos, increméntase a taxa de recollida de lixo e o seu tratamento e eliminación, na mesma porcentaxe que se incrementa o IPC para o exercicio, a mesma porcentaxe que se aplica de subida á empresa adxudicataria da prestación; no presente exercicio de 2015, tivo unha minoración do 1%, como consecuencia da baixada interanual do IPC. No que se refire á previsión de recadación polo imposto de construcións, ou sexa, as licenzas de obras, é menor que a do ano 2015, debido a que neste ano, recadouse a licenza da Cooperativa Veiga de Antela (COREN) para unha explotación porcina, o que supuxo unha recadación de 119.170,03€. Engade que aínda que existen contactos con diversas empresas de diferentes sectores para a súa implantación no concello, por prudencia non se fai previsión ao respecto no orzamento de ingresos.

En relación cos pasivos financeiros, di que non están previstos, xa que no 2016 non se recurrirá a ningún crédito para afrontar a execución da totalidade do orzamento, co fin de manter unha economía municipal saneada, recordando que o último préstamo foi formalizado no 2006.

A continuación o Sr. Alcalde refírese ao capítulo de transferencias, as axudas previstas procedentes da Xunta de Galicia, entre outras, 49.795,62 € para a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal (anualidade de 2016), 57.072,02 € do Fondo de Compensación Ambiental, non competitiva, para saneamento e mellora de accesos e comunicacións no municipio, 149.963,40 € para servizos sociais (traballador social e axuda no fogar para persoas valoradas como dependentes), 333.896,08 € do Fondo de Cooperación Local, cantidade estimada igual á do presente exercicio e 40.368,20 € para a prevención e defensa contra incendios forestais, con tres condutores de motobomba e dunha brigada de seis compoñentes para labores de vixilancia e extinción, e tamén para actuacións manuais de roza.

Continúa dicindo que en relación co estado de gastos, o equipo de goberno, realizou dentro das súas posibilidades, uns orzamentos serios e rigurosos, con criterios de eficiencia e racionalidade na asignación orzamentaria dos recursos dos que se dispón. Deste xeito, o capítulo segundo de gastos correntes en bens e servizos, representa o 45,70% do total, para dar cobertura ao mantemento en bo estado das vías públicas municipais, alumeados públicos en todo o concello, traída de augas, maquinaria municipal, promoción da cultura e do deporte, celebracións, como a feira do



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

queixo, a festa da terceira idade, feiras monográficas como a do cabalo, a do gando vacún de carne, mantemento do C.P.I, do Centro Médico, do Centro Socio Cultural, Biblioteca Pública, recollida do lixo e tratamento e eliminación de residuos, Punto Limpo, Punto de Atención á Infancia e outros servizos.

En relación co capítulo 1, referente a gasto de persoal, di que as cifras son extremadamente reducidas, sendo un porcentaxe do 26,55%, posiblemente un dos mais baixos da provincia, xa que hai concellos veciños que alcanzan en gasto de persoal ata o 62% do seu presuposto. Quere facer una mención especial ao servizo de axuda a domicilio para o que se destina un importe superior aos 190.000,00€, aumentando uns 10.000 € con respecto ao ano 2015, así como ao mantemento do P.A.I., que supera os 50.000 €

Na recollida do lixo, tratamento e eliminación de residuos, recollida de voluminosos e aspirado de fosas, supera os 185.000,00 €. En enerxía eléctrica para o mantemento dos alumeados públicos, máis de 110.000 €. Di que en este importe estase empezando a minorar, debido as importantes medidas levadas a cabo polo concello na mellora enerxética nos alumeados públicos, e que continuarán executando diferentes proxectos de renovación de luminarias, para que deste xeito repercuta na baixada de consumo, e polo tanto na baixada da facturación anual. Refírese tamén á prestación do servizo de noitebús, que se dotan uns 20.000 € para o 2016, así como para o mantemento de infraestruturas, especialmente estradas municipais supéranse os 170.000 €.

O Sr. Alcalde quere destacar que a día de hoxe, non hai ningún tipo de débeda, nin a bancos nin a provedores. No que se refire ao capítulo de inversións, ascende a 626.748,67€, unha cantidade moi importante para un concello como Friol. Representa o 23,24% do orzamento, cando a maioría dos concellos con condicións similares, están moito por baixo deste porcentaxe. Espera que esta cantidade ao final do exercicio se aproxime ao millón de euros, debido as modificacións de crédito que se realizarán o longo do ano. Seguidamente refírese ás actuacións que figuran no anexo das inversións, que son as que a continuación se resumen:

- Importe correspondente á anualidade de 2016 contemplada para a execución do Plan Xeral de Ordenación Municipal.
- En materia de vivenda e urbanismo, vías públicas, beirarrúas e servizos, o importe previsto para o P.O.S. 2016.
- Actuacións en relación coa política de gasto de medio ambiente, inversións en infraestruturas e bens.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

- Aportacións municipais para complementar axudas da CC. AA. ou da Deputación Provincial, para equipamento de locais sociais ou outras instalacións de carácter cultural e en instalacións deportivas.
- Rehabilitación de edificio para local social en Lea e outras actuacións.
- Importe previsto para o Plan Marco: programa de mellora de camiños de titularidade municipal.
- Importe previsto para o Fondo de Compensación Ambiental, liña de concorrencia non competitiva.
- Importes previstos para a adquisición de equipos multifunción, impresoras e reposicións de equipos para procesos de información para as oficinas de administración xeral e as de administración financeira e tributaria.

Engade que se fai un importante esforzo en materia de subvencións, como as axudas aos consumos dos puntos de luz, axudas a diversas asociacións para promoción da cultura e do deporte e ás festas ao aire libre. Tamén está contemplada a achega que ten que facer o concello para 2016, do convenio de colaboración para o desenvolvemento do Plan de transporte metropolitano da ATM de Lugo, por 6.813,07€ e o importe de 12.000€, destinado para subvencionar o 100% do custe do transporte do alumnado de Friol a Lugo. Conclúe o Sr. Alcalde a súa exposición, referíndose ao remanente, que aínda que non está rematado o presente exercicio, estímase que será de uns 500.000€, coantía que se poderá incorporar ao presuposto do ano 2016.

A continuación intervén o concelleiro do Grupo Socialista Sr. Santos Ramos. Comeza agradecendo ao Sr. Alcalde a presentación do proxecto do orzamento para o exercicio de 2016, que supón será aprobado. Pide que se aclaren unha serie de cuestións sobre as previsións que marcarán o rumbo do gasto público para o vindeiro exercicio económico, aínda que por tratarse de previsións, a veces non se cumpren. Comeza pola partida do estado de ingresos, referida ao IBI de urbana, no que se contempla un incremento de 58.000€ con respecto ao pasado ano. Aínda que a día de hoxe o concello non recibiu o ingreso do IBI do 2015, recorda a subida do tipo impositivo que se aprobou recentemente en sesión plenaria e que suporá un incremento do gasto dos veciños, engadindo que elo podería dar pe á modificación da ordenanza, tendo en conta ademais que o "catastrazo" aumente o menos posible. Insiste en que aínda se está a tempo de modificar a ordenanza, para que sexa menos gravoso para o peto dos veciños.

A continuación o concelleiro refírese á taxa por servizos deportivos, cunha previsión de 5.736€, que supón responderá ao pavillón polideportivo. A vista do importe da mesma, e da situación de estabilidade económica do



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

concello da que nos felicitamos, di que podería asumir o concello este importe e que os veciños poidan facer uso das instalacións sen custes. Tamén se refire ao importe de 36.995,19€ do prezo público por servizos asistenciais, pedindo que se explique de onde proveñen, supón que da coparticipación da asistencia a dependentes ou similares. Pregunta se a recadación obedece a criterios progresivos en función da renda dos usuarios ou é homoxénea para todo o mundo. Este importe podería asumilo o concello, facilitando a vida a obtención de servizos dos usuarios.

No que se refire ao estado de gastos, di que o capítulo de persoal mantense en similar porcentaxe, aínda que hai un incremento de uns 90.000€ con respecto ás cifras do pasado ano, debido a cuestións que hai que avaliar. No que se refire ás inversións hai unha baixa de 229.000€ con respecto ás do pasado ano, co que se deduce un impulso moito menor a novas infraestruturas ou servizos que nun eido ou outro, sirvan para mellorar o concello. No que se refire á protección social, tamén se observa unha minoración importante, en principio debido a que o pasado ano se contemplaba o importe de 180.000€ para adquisición dos terreos do centro de día, pero aínda tendo eso en conta hai 12.000€ menos que con respecto ao presuposto do pasado ano. Pregunta polo importante incremento nas dotacións para prevención e extinción de incendios, que supón que será a que se contratará por medios propios aparte do persoal das brigadas de extinción, ou se ben se conta con axudas doutras administracións. Tamén se refire ao importe da recollida de residuos e o seu tratamento, e á porcentaxe de ingreso respecto ao gasto total, polo que se podería estudar unha rebaixa da taxa de recollida de lixo. Tampouco se fai previsión sobre o posible ingreso pola devolución do canon de SOGAMA, á vista da transcendencia da tramitación e as resolucións xudiciais ao respecto, o posible conflito de inconstitucionalidade e o que o Tribunal Constitucional decida ao respecto. Con independencia de que estea recollido ou non, pregunta que pensa facer o Alcalde se o Tribunal Constitucional lle da a razón aos concellos insumisos, se solicitará a devolución se a sentenza é neses termos.

No que se refire ao alumeado público, di o concelleiro que se observa un aumento do gasto en adquisición de material e baixa no consumo. Está de acordo con elo, pero di que debe facerse sen prescindir da calidade e bo funcionamento do alumeado público, poñendo por exemplo a actuación levada a cabo na estrada do Carballo, que non sabe como resultará no que se refire a eficiencia enerxética, pero a ratio de luminosidade e calidade do servizo diminuiu. Tamén fai referencia á dotación para parques e xardíns,



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

e o monte de Lamas, se hai algunha novidade ou se fai a previsión por si acaso.

Continúa o concelleiro, dicindo que no que se refire a fomento de emprego repítese a situación doutras anualidades, hai unha previsión por duplicado para a contratación do axente de emprego, á vista da situación laboral do mesmo, polo que a previsión de 65.000€, é unha cifra distorsionada, xa que o custe efectivo é a metade, facendo seguidamente unha avaliación do resultado da súa actuación. Con mais de 200 parados e sen dubidar da capacidade do axente de emprego, o resultado da política de actuación vese de seguido. Refírese tamén a biblioteca, que está estancada, afirmando que debe ser dinamizada e ofrecer maiores servizos, non vinculados soamente a un fondo bibliográfico, debendo ser útil para calquera cidadán e mellorar os horarios de atención e equipamentos, así como o acceso a redes e internet por calquera cidadán, para o que cada vez hai mais demanda e hai que tratar de dar resposta, ademais tendo en conta que en moitos lugares non hai conexión a internet. Tamén se refire dentro da promoción da cultura, á dotación para o centro social de Lea, dicindo que non acaba de entender o encaixe destes centros na área de promoción cultural, xa que estes centros non acaban tendo esa finalidade, polo que a non se axusta á realidade. Refírese tamén o concelleiro á baixada da inversións no dedicado ás estradas, que é significativa e non vai beneficiar ao correcto mantemento da rede viaria do concello.

No que se refire a subvencións, di que é unha cantidade pequena, con independencia dos criterios de reparto. Elo supón pouca acción da administración local, xa que con poucos cartos non se pode atender a todos os cidadáns e inquietudes. Os criterios de reparto son mellorables, poñendo o exemplo de que a Carballo vivo se lle dan 720€, é unha das mais activas do concello, con moita oferta lúdica e cultural, mentres outros con menos actividade como a do Campo da Feira de Roimil ou d da Casa Escola de Miraz, teñen mais subvención. Quere facer constar que non está en contra de que se lle dean estes importes, quizais necesitarían mais, pero reitera que Carballo Vivo, con mais actividade ten menos subvención. Segue cuestionando os criterios de reparto, en relación coas axudas deportivas; parécelle ben que se lles axude aos equipos de fútbol sala, pero con mais cantidade, para permitir a moitos usuarios a práctica do deporte e mais asequible, e en cambio dáse un maior importe ao fútbol feminino, pensando que cando menos debíanse revertir os importes, xa que este último é mais profesionalizado e cos outros prímase mais a actividade e competitividade da poboación. Conclúe a súa intervención dicindo que o importe hai que facer



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

un incremento significativo do importe dos 29.000€, para contribuir ás necesidades e inxerencias dos habitantes do concello.

A continuación intervén o Sr. Alcalde. Comeza dicindo que mais ou menos intentará dar resposta ás cuestións formuladas polo concelleiro do Grupo Socialista Sr. Santos Ramos. En relación co incremento dos tipos impositivos, responde que non houbo incremento para o cobro do IBI de rústica, nin do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, nin tampouco se incrementan os impostos sobre actividades económicas e de construcións, instalacións e obras. Recorda que neste último caso no pleno de setembro, aprobouse unha bonificación de ata o 95% para empresas e industrias que se instalen e inicien a súa actividade no Polígono Industrial de Friol. Engade que en relación co IBI de urbana, tamén no pleno de setembro, aprobouse a adecuación do tipo impositivo que figuraba na ordenanza, establecendo no 0,60%, igual que o aplicado nos anos 2013, 2014 e 2015. Recorda que este tipo foi fixado polo Estado cun tipo mínimo de gravame do 0,60 para o ano 2013, e continuouse con este tipo mínimo nos dous exercicios seguintes. Engade que como xa indicou no seu momento, este tipo e nunha porcentaxe incluso superior, estase a aplicar en outros municipios lucenses.

Continúa dicindo que se podería non adecuar este tipo impositivo, pero elo implicaría deixar de subvencionar a varias asociacións culturais ou deportivas, para o que o concelleiro está pedindo que se aumenten os importes, deixar de pagarlle o transporte aos alumnos que cursan os seus estudos en Lugo, deixar de pagar o transporte de noitebús de Friol a Melide, deixar de prestar o servizo do Punto de Atención á Infancia ou deixar que as infraestruturas se convirtan en intransitables, por poñer algún exemplo.

Engade o Sr. Alcalde que quere facer constar que a poboación de Friol elixiuno para gobernar a el e ao seu equipo. Di que gobernar as veces significa tomar decisións que a primeira vista poden parecer difíciles, pero que son necesarias e dende logo, en comparativa co resto de entidades locais, como xa indicou estase por baixo da media. No que se refire á taxa por servizos deportivos, a que fixo alusión o concelleiro Sr. Santos Ramos, o Sr. Alcalde responde que se refire á recadación polas piscinas municipais. No que se refire aos servizos sociais, estase facendo un importante esforzo económico e de persoal, pagando os usuarios en función dos seus ingresos, segundo a normativa da Xunta.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

No que se refire ao aumento do gasto de persoal, o Sr. Alcalde responde que é por varias causas. Di que para o mes de xaneiro de 2016, está previsto o reintegro ao persoal municipal da parte da paga extra do mes de decembro de 2012, que teñen pendente de percibir, e que figuran no presuposto do 2016. Engade que tendo en conta o disposto no art. 19. da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado, dótase crédito para as adecuacións retributivas, que se indican na memoria explicativa, referidas a dúas prazas de funcionarios administrativos, pasando o seu complemento de destino do 20 ao 22, motivado polo incremento de tarefas e especialidade das mesmas, xa que se encargarán da implantación, xestión, actualización de datos e todo o necesario para o funcionamento do Portal de Transparencia Local e da administración electrónica, Tamén se contemplan adecuacións para persoal de oficios como consecuencia do incremento de especialización necesario para o manexo de nova maquinaria, dispoñibilidade por turnos as vinte e catro horas do día para solventar emerxencias que poidan xurdir fora da xornada laboral, atención ao punto limpo, nalgún caso durante os fins de semana e a súa dispoñibilidade para colaborar na organización de distintos eventos organizados pola administración local ao longo do ano.

No que se refire á recollida de lixo, agradece ao concelleiro Sr. Santos Ramos o seu interese por baixar as taxas e a mellora do servizo. No referente ao canon de SOGAMA, estarase a ver o que pasa e o concello pedirá asesoramento de tipo técnico para as decisións que proceda. No que se refire á eficiencia enerxética, di que houbo un erro na potencia dalgunhas luminarias, que a empresa resolverá antes do 15 de decembro.

No que se refire ao fomento de emprego, afirma o Sr. Alcalde que desde o equipo de goberno, van intentar xestionar algún tipo de subvención de diferentes administracións para poder crear ben un obradoiro ou algún plan que poida ir encamiñado o fomento e a creación de postos de traballo para os veciños. Tamén están traballando no ámbito do sector privado, para que diferentes empresas se poidan asentaren no concello e deste xeito tamén repercuta na creación de postos de traballo para os veciños.

No que se refire á biblioteca o Sr. Alcalde responde que está totalmente de acordo co exposto polo concelleiro Sr. Santos Ramos, hai que poñela en funcionamento. Non obstante, engade que hai tempo que non debe pasar pola biblioteca, xa que se están facendo obras para a súa adaptación. No referente ao centro social de Lea, responde que hai poucas parroquias que queden sen centro social, xa que se sempre se procurou a adecuación,



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

rehabilitación ou construción de locais para as parroquias, xa que serve de centro de reunión dos veciños, ademais de poder celebrarse cursos moi demandados, como de informática, baile ou outras actividades.

Conclúe a súa intervención referíndose ao exposto polo concelleiro do Grupo Socialista, en relación ao reparto de subvencións, dicindo o Sr. Alcalde que concelleiro é o menos indicado para dar leccións do reparto de axudas, xa que hai que ver como son os repartos de axudas na Deputación. Seguidamente dille ao concelleiro do Grupo Socialista que faga uso do segundo turno de intervención.

O concelleiro Sr. Santos Ramos responde que nos atopamos cun orzamento continuísta, que non pretende o impulso de nada novo e diferente, de impulsar en ningún eido do concello como territorio. Insiste, en que non se quere falar de rebaixa no IBI, senón que se consolida un tipo aplicado dun xeito transitorio en anos anteriores, superior á ordenanza que estaba aprobada. A xustificación é que en caso contrario non se poden facer cousas, como di o Sr. Alcalde, un discurso do medo, cando se ve que unha parte importante do presuposto non se executa e pasa a remanentes, como se pode ver nos expedientes de modificación de créditos.

No que se refire ás taxas por servizos deportivos, o concelleiro preguntaba a que se refería. Engade que o dito con anterioridade é perfectamente aplicable ás piscinas municipais, xa que o ingreso supón unha cantidade ridícula no orzamento de Friol e calquera cidadá podería ter acceso ás piscinas de Friol dun xeito gratuíto. Refírese tamén a que o Sr. Alcalde segue sen aclarar o tema de incendios e de fomento de emprego, da dualidade das previsións da praza do axente de emprego. Non cree que a solución sexa tan complicada e incluso poderían aventurarse a saber cal será a solución. Engade que o equipo de goberno pode seguir traballando no sector privado para a súa implantación no concello, pero que o fagan tamén no público adoptando medidas que incentiven a empregabilidade, xa que non se contempla ningunha no presuposto.

Afirma o concelleiro Sr. Santos Ramos que en materia do reparto de axudas, referiuse ás do concello de Friol. Di que o Sr. Alcalde, se quere pode falar das da Deputación Provincial, pero pensa que non debe facerse aquí, senón na Deputación, na que están representados os dous partidos, polo que cada cousa onde lle corresponda. É evidente que poden seguir o criterio que seguen, pero que non empreguen como escusa que se na Deputación se fai mal, aquí tamén.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Neste intre incorpórase á sesión a concelleira Dona Fátima Iglesias Núñez.

Conclúe a súa intervención o concelleiro Sr. Santos Ramos dicindo que o Sr. Alcalde deixa cousas sen aclarar e os presupostos non coinciden coa liña política que considera axeitada o Grupo Socialista, polo que non contarán co seu apoio.

A continuación intervén o Sr. Alcalde. Di que entende que a oposición ten algo que dicir ao respecto, pero o equipo de goberno pensa que é un presuposto axeitado e difícil de mellorar. Respecta a postura exposta polo concelleiro do Grupo Socialista, pero non a comparte, pensa que obedece a directrices do partido. Engade que sinceramente, e con todos os seus respetos, eles non creen que redactaran un presuposto mellor. Non fai falta mais que mirar atrás e recordarlles nos organismos onde os socialistas tiveron posición de goberno, como por exemplo na Xunta e no Goberno Central, e ver en que situación económica deixaron eses organismos. Engade que os veciños de Friol, son intelixentes e saben moi ben, a quen teñen que poñer no goberno pa que entre outras moitas cousas, xestione o concello e elabore os seus presupostos, como tamén souberon a quen poñer na oposición, o que deixaron moi claro o pasado mes de maio.

Conclúe a súa intervención dicindo que o presuposto sigue unha liña continuista respecto os presupostos de anos anteriores, que tan bo resultado deron para Friol, xa que establece unhas liñas de apoio as necesidades de diferentes sectores do concello, e así o veñen entendendo unha gran maioría da poboación, e así o fan ver cada catro anos. Coa súa intervención cérrase o debate e procédese á votación no senso anteriormente indicado.

Antes do remate da sesión, o Sr. Alcalde di que corresponde a celebración da sesión ordinaria do mes de decembro o ultimo xoves do mes, que é o 31 de decembro. Á vista da data na que coincide, día de fin de ano, se os concelleiros o estiman oportuno, convocarase a sesión para a súa celebración o mércores día 30, cuestión coa que os señores concelleiros mostran a súa conformidade.

A vista de que non hai mas asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión, sendo ás catorce horas e quince minutos da data ao principio indicada, de todo o o que eu, Secretario, redacto a presente acta e dou fe.